

ANPA AS BRAÑAS CEP VENTIN  
Ficticio  
LUGAR VENTIN 0  
BIDUIDO  
15895 Ames A Coruña**NOTIFICACIÓN**

Para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, comunícolle que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2019.**

**EXPEDIENTE GESTDOC 3656/2020**

A Xunta de Goberno Local do 02.07.2020 aprobou a convocatoria de subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames, exercicio 2019, dando aprobación as bases reguladoras.

As ditas bases foron publicadas no BOP número 108 de 15.07.2020 e na Base Nacional de Subvencións (BDNS)

Dentro do prazo de presentación de instancias, sinalado no punto 6.2 das bases da convocatoria, as entidades que presentaron solicitude en prazo foron as seguintes:

ANPA	CIF	ENDEREZO
ANPA CEIP AGRO DO MUÍÑO	G70130216	AS CORTES, 15220, ORTOÑO
ANPA A MADALENA	G15956147	PRAZA DA MADALENA, 16, 15895, MILLADOIRO
ANPA CEIP A MAIA	G15344450	AVDA. A PEREGRINA 37, 15220, BERTAMIRÁNS
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	LGAR. VENTIN, S/N, 15895, BIDUIDO, AMES
ANPA IES PLURILINGÜE DE AMES	G15608698	AVDA. DA PEREGRINA, S/N, 15220, BERTAMIRANS
ANPA DO IES DO MILLADOIRO - ANPAMILLA	G70386644	TRAVESÍA DO PORTO S/N, 15895, MILLADOIRO
ANPA MILLAPEQUES	G70133152	TRAVESÍA DO PORTO, S/N, 15895, MILLADOIRO
ANPA SAN MAURO	G15357767	BAROUTA S/N, 15229, AMES

Algunhas ds ANPAS (que a continuación se indican) foron formalmente requiridas para que procederan á emenda das súas solicitudes:

ANPA	CIF	ASPECTO A EMENDAR
(....)	(....)	(....)
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	<b>1.- Importes que se poden subvencionar:</b> En ningún caso se subvencionarán actividades nas que os importes dos ingresos recibidos polas ANPAS para unha actividade determinada, sexan iguais ou superiores ao gasto imputable á dita actividade. Subvencionaranse unicamente os importes achegados pola ANPA, é dicir, a diferenza entre os gastos da actividade e os ingresos recibidos. <b>2. Memoria:</b> Deberá terse en conta na memoria o especificado no apartado anterior sobre importes subvencionados.

		<p><b>3. Anexo III:</b> Deberá terse en conta o especificado no apartado 1º deste escrito sobre importes subvencionados.</p> <p><b>7. Facturas e xustificantes de pago:</b> Falta a factura 19/063 que figura na relación do anexo III. De acordo co especificado nas bases da convocatoria, deberá achegar copia dos xustificantes bancarios de pago de todos aqueles gastos para os que se solicite a subvención.</p>
(...)	(...)	(...)

Tódalas ANPAS requiridas atenderon correctamente os requirimentos dentro do prazo sinalado a tal efecto.

Tendo en conta que se trata de unha subvención para actividades xa realizadas procede aprobar a concesión e a xustificación de forma conxunta.

Consta acta de data 02.12.2020 da Comisión avaliadora, informe proposta do órgano xestor e informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 601/2020)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2020), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar a concesión de axudas que de seguido se indican, para a promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2019:

ANPA	CIF	Gastos actividade	Ingresos que financiaron a actividade	Contía achega solicitada	Achega concedida
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	14.648,00€	9.855,50€	4.792,5€	3.000,00€
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)

**Segundo.** Ordenar o pagamento das obrigas, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48903, que a continuación se indican:

ANPA	CIF	CONTÍA A INGRESAR
(...)	(...)	(...)
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	3.000,00€
(...)	(...)	(...)

**Terceiro.** Dar traslado aos interesados e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Cuarto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

O que se lle notifica aos efectos oportunos

Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa poderá optar por:

1.- Interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Si se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición

sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

2.- Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa.

3.- Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo